



DÍA DA PATRIA 2017
Discurso Ana Pontón

Amigos e amigas,

Non sabedes a emoción que me produce que esteamos aquí, xuntas, con alegría, con orgullo de sermos do BNG. Dispostas a dar todas as batallas. E non só a dálas, senón a gañalas. Que non lles caiba ningunha dúbida, saímos a por todas. Adiante co BNG!

Estamos aquí porque nos unen o inconformismo, a rebeldía e as ansias de liberdade! Mais sobre todo, estamos aquí porque nos une un propósito común: o amor a Galiza!

Ese mesmo amor que hai máis de 40 anos, en plena ditadura, empuxou milleiros de galegos e galegas a reorganizaren o nacionalismo e a recuperaren a celebración do 25 de Xullo. Algo que, por certo, non lle gustou especialmente ao Réxime.

Estou segura que algunha desas persoas, 40 anos despois, están nesta praza da Quintana. Hoxe non só homenaxeamos a Galiza, tamén homenaxeamos esas mulleres e homes que abriron unha porta á esperanza para esta terra.

E delas aprendemos, entre outras cousas, que **é importante traballar pola unidade dos galegos e das galegas. Esa é a unidade que precisamos.**

Unirnos contra a discriminación. Unirnos para poder traballar e vivir con dignidade na nosa terra. Unirnos para construír un país en que ninguén quede atrás. Unirnos para reclamar o noso lugar. Unirnos para decidir nós sobre os nosos asuntos, sen pedir permiso a Madrid. Esa é a unidade útil! Por ese camiño temos todo por gañar!

E estamos nun momento para ser optimistas, estamos en condicións de ofrecer un proxecto sólido e de futuro a este país. E isto é posíbel grazas a todas e a todos vós. Xente xenerosa, sen medo, valente. Sei que xuntos, xuntas, estamos chamados a facer grandes cousas. E que lles quede claro, ninguén, ninguén nos vai roubar o dereito a soñar e a facer realidade os nosos soños.

Soñamos cun país mellor. Ese país non se constrúe desde os sumidoiros do réxime

do 78 ou sobre unha monarquía corrupta e parásita. Ese país soñado non se constrúe perseguindo a quen só quere que a xente decida. Ese país mellor constrúese con democracia, con igualdade e liberdade. O país dos nosos soños é unha república, laica, feminista, igualitaria e, por suposto, galega! E non imos renunciar a ese soño!

E para iso queremos seguir sumando e fortalecer esta nova etapa do BNG. Un tempo novo en que temos as portas abertas a todas as galegas e galegos que senten que hoxe, máis que nunca, **Galiza precisa dunha grande organización que teña a súa cabeza e seu corazón nesta terra.**

E permitídemme que lle dea a benvida ás novas militantes e simpatizantes, a todas as persoas que se achegaron ao BNG durante estes últimos meses. Un cálido aplauso a modo de abrazo colectivo.

E como non, o meu recoñecemento a Galiza Nova, aos mozos e ás mozas que se suman ao proxecto e das que cada día aprendo algo novo. Unha mocidade alegre e combativa, que non se resigna a ter que elixir entre paro, precariedade ou emigración.

Por certo que, aínda por riba, estes días estannos a regalar o Festigal. Outro forte aplauso para elas!

Hai un ano nesta mesma praza atravesabamos un momento decisivo. Pero non tivemos medo. E fixemos algo tan sinxelo como transgresor: confiar no BNG e confiar no noso pobo. E decidimos, entre todos e todas, que non eran tempos de tirar a toalla. Non baixamos os brazos. Non sucumbimos aos cantos de serea que nos querían levar a outros mares. Collémonos da man e tiramos para diante.

E conseguimos o que moitos nos dicían que era imposíbel: manter o grupo parlamentario do BNG. Mais **fixemos algo que aínda é mellor: xeramos unha corrente de simpatía que deu forzas renovadas ao nacionalismo.** Porque se algún país necesita o nacionalismo é este. Porque o cambio ou é galego, feito desde nós e para nós, ou é un mero recambio. Xa o estamos vendo nos concellos; cales son os concellos en que hai un cambio real? Todos e cada un dos concellos do BNG, que son o espello da Galiza que soñamos.

E temos que seguir soñando e confiando nas nosas propostas e nas nosas propias análises.

Acaso non acertamos cando dixemos que Ence era unha peste, que tiña que saír da ría e advertimos do que supoñía o eucalipto?

Acaso non acertamos cando avisamos que a UE ía machacar os nosos sectores produtivos?

Acaso non acertamos cando dixemos que a transición era unha fraude que deu lugar a un réxime caduco e corrupto que fai augas por todas as partes?

Acaso non acertamos cando apostamos por manter unha forza política propia, sen dependencias de Madrid?

Acertamos ou non? Vaia se acertamos!

E se algo é cada día máis evidente é que se algún país precisa do nacionalismo ese país é Galiza.

Por iso **convido a todas as persoas que levan Galiza no corazón a se sumen ao BNG**. Porque de verdade, as forzas estatais, as vellas e as novas, as de arriba e as de abaixo, as *guais* e as menos *guais*, acaban pasando de Galiza e só nos ven como un caladoiro de votos. Mais cando toca mollarse por este país: *si te he visto no me acuerdo*.

Mirade estes últimos meses: Galiza está desaparecida, somos un expediente X na política estatal.

E que fai Feijóo? Ese Feijóo que en campaña tivo a revelación mariana de ser militante de Galiza, o que fai é moi simple: romper o carné de Galiza e ficar co do PP.

Que Rajoy di: transferencia da AP-9 *tirirí que te vi*, Feijóo responde: *si, bwana*.

Que Rajoy di: AVE para 2040, Feijóo responde: *si, bwana*.

Rajoy di: recortazo de 442M€ nos investimentos en Galiza.

Que responde Feijóo? *Si, bwana*.

Se a este paso imos quedar a deberlle ao Estado!

E as forzas da esquerda española tampouco quedan atrás cando se trata de ignorar a Galiza. Sen esquecer que é mérito delas que Rajoy sente na Moncloa. Eu preguntome por que o *novo PSOE* e o *vello Podemos* non derrogan a lei mordaza de Rajoy, porque non derrogan a contra-reforma laboral do PP, porque non levantan a indecente prórroga de Ence?

Está claro que non podemos agardar por eles, a solución non vai vir de Madrid. Temos que decidir por nós e desde nós, **temos que consolidar un BNG cada vez máis forte, con máis peso, que poña en marcha un novo proxecto de país**.

Este reto é unha tarefa colectiva que temos que afrontar con convicción. Non nos poñamos límites:

- temos un país con capacidade
- somos unha organización con experiencia e renovada
- e posuímos un proxecto para darlle a Galiza un futuro mellor

A única esperanza de ruptura democrática está nas nacións sen estado. E que decepción ver as persoas que nos dixeron que viñan a cambialo todo, ao final, por acción ou omisión, colléndose do ganchete do vello bipartidismo e poñendo paus nas rodas ao dereito a decidir!

Hoxe, desde esta praza da Quintana, enviamos todo o noso apoio ao pobo catalán que só reclama democracia. *Amics de Catalunya, estem amb vosaltres!*

Mais o certo é que o Estado español cada día se parece máis a un programa de Sálvame!

Ameazan ás persoas que apostan pola democracia, que só queren darlle voz ao pobo; ameázanas coa cadea e con quitarlles o seu patrimonio. Por que non lle aplican esa mesma vara de medir a Rajoy e Montoro? Que respondan co seu patrimonio polo desfalco de 60.000 millóns de euros que lle regalaron á banca ou pola ilegal amnistía fiscal.

Neste Estado español en fase Sálvame, apostar pola democracia é ilegal, mais os que levan saqueando anos as arcas públicas saen de *rositas*. Se hai que inhabilitar alguén o primeiro da listaxe tiña que ser o Partido Popular, o partido das *cloacas*, o partido da corrupción, e esixirlles que devolvan todo o roubado!

E por certo, alguén me pode explicar que mérito ten Romai Beccaría para darlle a Medalla de Galiza? Quizais ser o único ex-tesoureiro do PP que aínda non está imputado por corrupción?

Fronte este Estado español en fase Sálvame, nós temos que impulsar o noso propio camiño. Temos que andar partindo da nosa realidade e cun obxectivo claro: facer avanzar o orgullo de país e a confianza nas nosas propias capacidades.

Teño para min que o noso principal inimigo está na desesperanza. Esa idea terríbel de que nada podemos facer para cambiar as cousas.

Propóñovos que hoxe nesta praza fagamos un gran pacto pola esperanza. Cando falo de esperanza non me refiro ao optimismo cego. Todo o contrario, a esperanza é o que nos fai estar dispostas a enfrontar os obstáculos; é algo que está dentro de nós, que nos fai seguir, porque sabemos que nos espera algo mellor se temos o valor de ir por el.

A esperanza é o que vin nos ollos de Domitila, preferentista de 90 anos, unha anciá que saíu á rúa -con andador e todo- contra as estafas da banca! Domitila, non se resignou, non tivo medo e gañou!

A esperanza é o que escoitei da boca de Nélida Pisco, condutora de autobús, que leva 8 anos de acoso por defender o seu dereito a ser nai e traballadora. Loita para que as súas fillas non teñan que pasar o mesmo e vivan nun país con dereitos. Nélida loitou, non tivo medo e coa súa loita gañamos todas!

A esperanza é o que levou ás traballadoras e traballadores do 112 a manteren unha folga de 83 días. Aguantaron presións, ameazas e mentiras. As traballadoras do 112 non se resignaron, non tiveron medo e gañaron!

A esperanza é o que move aos traballadores do metal a facer folga. Non van pasar por salarios de miseria. Eles tampouco teñen medo e van gañar a súa loita!

A esperanza é o que sentín na marcha das e dos traballadores de Ferroatlántica que desafían os caprichos dun empresario madrileño, afeito a chantaxear e facer e desfacer ao seu antollo. Eles non se resignan, e imos gañar esta batalla, porque os ríos son nosos e non do imputado Villar Mir.

A esperanza é a determinación das vítimas de Angrois. Despois dun terrible accidente, despois de soportar a dor de perder os seus seres queridos, toparon co muro de ocultación e desprezo dun Estado de comportamento criminal. Elas non se resignaron, non tiveron medo e moralmente xa gañaron!

Amigos e amigas;

a esperanza é o que nos fai estar aquí. **Estamos aquí porque eliximos a esperanza e non o medo. Estamos aquí porque eliximos loitar e non baixamos os brazos.** Estamos aquí porque sabemos que cambiando a nosa propia realidade estamos mudando o mundo para mellor.

E de certo precisamos cambiar este mundo onde os ricos son cada vez máis ricos e os pobres cada vez máis pobres. Os tempos cambian mais o imperialismo, disfrazado de globalización, está vivo e coleando. E a crise non foi máis que unha estafa para radicalizar o imperialismo e o neoliberalismo.

Estes estafadores teñen nome propio, encabezan a listaxe Trump, o FMI, o BM e a OTAN que pretenden seguir mangoneando o mundo ao seu antollo, explotando persoas e países, usando a violencia e a manipulación sempre que sexa necesario.

E denunciámos as súas guerras e as súas mentiras. Guerras que levan asasinado miles de persoas inocentes desde Irak a Libia, de Costa do Marfil a Ucraína, de Siria a Afganistán. Miles de persoas asasinadas, violadas e humilladas; miles de persoas refuxiadas que petan nas portas dunha Europa que perdeu toda razón e corazón.

Vivimos na mentira global. Quero, fronte as mentiras, enviar a nosa solidariedade co pobo venezolano que planta cara ao imperialismo e abre o seu propio camiño.

Solidariedade co Kurdistán, con Palestina e co Sáhara, pobos irmáns a quen lles transmitimos todo o noso apoio. Palestina Libre, Sáhara vencerá!

Son tempos complexos. Son momentos en que precisamos construír un horizonte de esperanza para o noso pobo. Desde o BNG temos un horizonte estratéxico ao que non renunciamos. Xa o dicía Castelao, Galiza só deixara de loitar pola súa liberdade cando a consiga.

Mais o camiño faise andando, paso a paso e sumando pobo. Estamos nun momento en que, si ou si, algo vai moverse e Galiza non pode quedar atrás. **Temos que apostar por abrir un debate no noso país que nos permita superar esta autoanémica autonomía. Temos que dar un paso adiante.**

Galiza ten que emerxer como nación, marcar o noso propio camiño e evitar ficar como unha rexión anulada politicamente e dependente do centralismo.

O BNG vai propoñerlle ao resto de forzas políticas abrir unha ponencia no Parlamento que camiñe cara a un novo estatus para Galiza.

Un novo horizonte

- que nos reconeça como unha nación libre para decidir o noso futuro
- que nos permita ter unha facenda galega que acabe co espolio dos nosos impostos e nos permita ter mellores servizos públicos
- que blinde unha carta de dereitos sociais avanzados
- que nos dea ferramentas para poñer en marcha unha modernización económica
- que garanta o pleno desenvolvemento da nosa cultura e da nosa lingua.

Porque non podemos esquecer nunca que, se aínda somos galegas e galegos, "é por obra e graza do idioma".

Ficar como estamos é retroceder. Debemos aspirar a todo, ter ambición de país a dotarnos de poder político real, de ferramentas para construír xuntas a Galiza que soñamos.

Temos que ter confianza. É posíbel facelo. E se nalgún momento caedes no desalento, lembrade as sabias palabras de Mandela: todo parece imposible até que se fai!

Vou rematando. Permitídemme unha última reflexión.

A historia que nos importa non se constrúe con guerras e violencia, os avances da humanidade fixéronse con pequenos xestos transgresores. Xestos como os de Rosalía de Castro que publica en galego cando estaba proscrito. Como o de María Miramontes, que coa súa agulla coseu conciencia de país. Xestos como os de Rosa Parks, que desafiou a lei que a obrigaba a sentar no asento de atrás do autobús por ser negra.

Elas encarnan algúns dos nomes que aínda hoxe nos inspiran. Noméoaas porque visibilizar ás mulleres continúa sendo un acto necesario. Noméoaas a elas para homenaxear a todas as mulleres, como miña avoa Carme, que loitaron para que nós esteamos aquí. Noméoaas para lembrar os debates que fican por dar, e porque por moito que se empeñen, non poden disfrazar de liberdade alugar as barrigas das mulleres pobres para darlle fillos á xente rica. Noméoaas para que non esquezamos que o patriarcado está tocado pero non desmontado, e porque mentres unha soa muller sexa asasinada polo feito de ser muller, vannos ter a todas en fronte.

Nós hoxe temos que facernos as nosas preguntas. Como podemos ser transgresoras para lograr un mundo mellor?

Dígovos que o máis transgresor deste momento é ser nacionalista, pero ademais é tamén o máis útil para facer avanzar e progresar á nosa xente.

Temos na nosa man escribir o que queremos ser dentro doutros 40 anos. E se dalgo estou convencida é de que ningunha de nós imos baixar esa man. Nós non lle imos fallar a Galiza, non lle imos fallar ao noso pobo.

Viva o BNG!

Viva Galiza Ceibe!

Santiago de Compostela, 25 de Xullo de 2017